REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
06 XUÑ. 2018
Núm. 9586

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de xuño de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

1.1 24929 (10/POC-004131)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo da Xunta de Galicia destinadas ao mantemento da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018

1.2 25055 (10/POC-004141)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre o estado de cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario referido ao desenvolvemento dunha serie de accións encamiñadas a evitar a actuación das mafias que trafican cos pisos baleiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018

1.3 30776 (10/POC-004870)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para favorecer o mantemento da marca Pastor e reducir as consecuencias da absorción do grupo polo Banco de Santander, así como o impacto da súa desaparición en materia de emprego, consumo, acceso ao crédito, exclusión financeira e perda de oficinas de atención ao público
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 306, do 18.05.2018

1.4 31024 (10/POC-004901)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a elaboración pola Consellería de Facenda do balance de seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 correspondente ao exercicio de 2017, as súas intencións respecto da súa remisión ao Parlamento de Galicia e as conclusións do comité de seguimento ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
06 XUÑ. 2018
Núm. 9586

1.5 31101 (10/POC-004914)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre as razóns da diferenza existente entre as estimacións do Instituto Galego de Estatística e as do Instituto Nacional de Estatística referidas á taxa de variación do PIB de Galicia no período 2014-2016, os datos respecto disto e a existencia dalgún mecanismo de colaboración entre os dous organismos para ese fin, así como a fonte que utiliza a Xunta de Galicia para a elaboración do cadro macroeconómico dos orzamentos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

1.6 31105 (10/POC-004915)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida ás razóns do agravamento do desequilibrio entre ingresos e gastos da Seguridade Social en Galicia e as actuacións previstas para corrixilo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

Punto 2. Dación de conta

2.1 30903 (10/MOP-000021)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de abril de 2018
Publicación, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez, na data 06/06/2018 12:43:42

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez	S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Secretario

Gonzalo Trenor López	P

Vogais

José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Julia Torregrosa Sañudo	EM
Sandra Vázquez Domínguez	P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 24929(10/POC-004131)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo da Xunta de Galicia destinadas ao mantemento da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:47
Nº Rexistro: 24929
Data envio: 01/02/2018 17:47:43.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ao mantemento en condicións adecuadas das administracións en Galiza da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) así como dos postos de traballo precisos a tal efecto.

A Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) é un organismo público pertencente á Administración Xeral do Estado español e encárgase da xestión do sistema tributario e aduaneiro do Estado, así como daqueles recursos doutras entidades públicas e administracións que lle sexa encomendada por lei ou convenio. Para estes efectos, aglutina dentro das súas funcións diversas tarefas e servizos, fundamentalmente de inspección, xestión e recadación.

Sendo Galiza neste momento unha das comunidades de réxime común do Estado, este organismo ten importancia no noso país ao ser a encargada da recadación de boa parte dos impostos dos galegos e galegas, para alén doutras funcións. Trátase, polo tanto, dun servizo público que debe dar cobertura ás necesidades de información e xestión das e dos galegos en cumprimento das súas obrigas tributarias. Máis aínda, para o desenvolvemento destas é fundamental a accesibilidade aos servizos e é indubidábel que para asuntos relacionados coas obrigas coa facenda pública, que implican unha grande responsabilidade e por veces unha complexidade engadida canto aos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:47
Nº Rexistro: 24929
Data envio: 01/02/2018 17:47:43.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedementos, é preciso garantir a posibilidade da atención presencial ás e aos usuarios.

Con atención á Resolución do 21 de setembro de 2004, da Presidencia da AEAT pola que se estabelece a estrutura e organización territorial da Agencia Estatal de Administración Tributaria, recolle o proceso de *rexionalización* de competencias e funcións e aspectos referentes á modernización dos procedementos e estruturas. Neste sentido, determínase a disposición dos órganos territoriais da AEAT entre os que están as Delegacións Especiais da Axencia Tributaria para cada unha das Comunidades Autónomas e no Anexo 1 relaciónanse estas así como as delegacións que integra e no Anexo II as Delegacións especiais. Neste sentido, enuméranse un total de dezaoito puntos para o noso país, un mapa que estaría hoxe vixente.

Porén, desde o Bloque Nacionalista Galego estamos a observar indicios que fan evidente a intención de reducir progresivamente o seu papel, minorando o persoal e o seu papel de atención ao público. Neste sentido, amortizando prazas de persoal que se xubila ou que concursa para outra vaga, non convocando prazas para estas administracións nos concursos ou procedementos de mobilidade que se convocan dentro da AEAT o persoal destas administracións tense reducido de forma importante.

Como resultante deste modo de proceder, as administración despregadas ao longo do territorio están a perder o seu papel e nalgúns casos perden funcionalidade para a atención ao público. Por exemplo, en Monforte quitaron a unidade de IVE e en Betanzos xa non hai unidade de módulos, nin de recadación polo que os contribuíntes deben desprazarse a Coruña. Esta tendencia trae consecuencias negativas tanto en materia de non cubrición real de postos de traballo repartidos polo territorio como para o público, pois perde posibilidades de realizar determinados servizos nunha oficina próxima á súa vivenda ou á súa localidade e debe incorrer en máis desprazamentos que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:47
Nº Rexistro: 24929
Data envio: 01/02/2018 17:47:43.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non se suplen, en moitos casos, nin pola atención telefónica nin mediante a tramitación por internet.

Polo tanto, é necesario que a Xunta de Galiza vele polo mantemento e boa calidade dos servizos de atención ao público da AEAT en canto non avancemos nas competencias e funcións da ATRIGA.

Por todas estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir que non se desmantelen as oficinas da AEAT espalladas polo territorio galego?

-Considera a Xunta de Galiza que a día de hoxe están garantidos os dereitos das e dos usuarios para recibir a información e asesoramento precisos sen menoscabo do seu lugar de residencia?

-Considera a Xunta de Galiza que o modelo de estruturación territorial e de funcións se adaptan á realidade que precisa o noso país?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza a necesidade de que o noso país asuma, a través da ATRIGA, máis competencias en materia tributaria?

-Coñece o goberno galego a drástica redución de postos de traballo que sufriron as administracións da AEAT en Galiza? Ten trasladado algún tipo de consideración ao goberno central? En que sentido e con que resultados?

-Considera o goberno galego que é adecuado pechar ou limitar -vía cita previa- o acceso do público aos servizos das oficinas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:47
Nº Rexistro: 24929
Data envio: 01/02/2018 17:47:43.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera que a denominada "rexionalización" dos servizos e funcións distribúe de forma adecuada a carga de traballo entre o cadro de persoal? E entre as localidades do territorio?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2018 17:42:44

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2018 17:42:48

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2018 17:42:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2018 17:42:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:47
Nº Rexistro: 24929
Data envio: 01/02/2018 17:47:43.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2018 17:42:55

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2018 17:42:57

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 14.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 25055(10/POC-004141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o estado de cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario referido ao desenvolvemento dunha serie de accións encamiñadas a evitar a actuación das mafias que trafican cos pisos baleiros

Publicación da iniciativa, 261, 15.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 10:20
Nº Rexistro: 25055
Data envio: 05/02/2018 10:20:25.436

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Na Comisión 3ª desenvolvida o 9 de xuño de 2017, aprobouse unha proposición non de lei presentada por este grupo parlamentario, na que se propoñía unha serie de accións encamiñadas a evitar a actuación das mafias que trafican con pisos baleiros.

Os ditos acordos foron:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1ª) Elabore un Plan especial de seguridade contras as mafias que trafican con pisos baleiros, impulsando neste marco acordos coas corporacións locais para incorporar a Policía Local ás labores de vixilancia no ámbito das súas competencias e en cooperación coa Garda Civil e a Policía Nacional; mellorando os niveis de prevención, reforzando as labores de investigación e potenciando as labores de captación de información e de elaboración de intelixencia específica. Deben atenderse en primeiro termo cando se trate de persoas vulnerables ás necesidades de quen as ocupa de maneira efectiva, así como a outras persoas directamente afectadas.

2ª) Promova unha reforma da Lei de axuizamento civil e as reformas normativas precisas para exixir que, sempre que se notifique unha resolución coa fixación da data de lanzamento ou desafiuzamento de primeira vivenda, daráselle traslado da dita resolución aos servizos sociais competentes por razón do territorio.

Rematado o período de sesións, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 10:20
Nº Rexistro: 25055
Data envio: 05/02/2018 10:20:25.436

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

1ª) En que fase se atopa a elaboración do plan especial de seguridade contra as mafias con pisos baleiros?

2ª) Dirixiuse o Goberno galego os concellos galegos co fin de establecer pautas de actuación nas que se incorpore a policía local os labores de vixilancia, co fin de evitar a actuación destas mafias?

3ª) Ten información o Goberno galego do Goberno central sobre se se están a levar a cabo as reformas correspondentes na Lei de axuizamento civil, así como as reformas necesarias co fin de trasladar as resolucións con data de lanzamento ou desafiuzamento aos servizos sociais competentes por razón do territorio?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/02/2018 10:15:26

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/02/2018 10:15:39

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 14.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 30776(10/POC-004870)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para favorecer o mantemento da marca Pastor e reducir as consecuencias da absorción do grupo polo Banco de Santander, así como o impacto da súa desaparición en materia de emprego, consumo, acceso ao crédito, exclusión financeira e perda de oficinas de atención ao público

Publicación da iniciativa, 306, 18.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 16:55
Nº Rexistro: 30776
Data envio: 09/05/2018 16:55:34.107

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Ante a fonda crise do sector financeiro que explota no 2008, no comezo da crise económica, lonxe de emprender unha reforma no camiño de reforzar a transparencia, a intervención, o control e tutela pública que evitara de novo as expansión das burbullas financeiras, os principais partidos do Estado español pactaron unha "reestruturación" co obxectivo de concentrar e centralizar o sector financeiro, privatizando e bancarizando as caixas de aforros e reducindo o número de entidades, sometidas ademais á supervisión única de institucións centrais do Estado.

Despois dunha década de movementos e transformacións bancarias, en xuño de 2017 consumouse a caída bursátil e venda a prezo de saldo do Banco Popular, o grupo que absorbera o Pastor e que era até o momento o segundo operador bancario en Galiza despois de Abanca.

O Santander mercou a última peza do sistema financeiro galego polo ridículo prezo dun só euro no medio dunha operación escura aínda pendente dunha investigación rigorosa, xa que os supervisores repetiron os mesmos erros e conivencias das crises de Bankia ou das Caixas Galegas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 16:55
Nº Rexistro: 30776
Data envio: 09/05/2018 16:55:34.107

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente, hai unhas semanas coñecemos a decisión do Santander de liquidar a marca Pastor, eliminando a súa ficha bancaria e a estrutura propia e polo tanto facendo que desapareza definitivamente a entidade financeira.

En Galiza sumando o persoal de Popular, Pastor e Santander hai sobre 2.300 traballadores e traballadoras, un número que se amplía se temos en conta os servizos derivados. Existe, tamén, unha ampla rede comercial con máis de 200 sucursais.

De consumarse a perda de entidade propia sería unha mala nova engadida a este chanzo no proceso de reestruturación bancaria iniciada coa crise que supón avanzar un paso máis na concentración, centralización e oligopolio bancario.

Neste momento, o Bloque Nacionalista Galego considera fundamental que se leven a cabo as operacións de negociación e diálogo posíbeis conducentes a favorecer que o Pastor manteña a súa marca, ficha bancaria e estrutura propia.

Por todos estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o Goberno galego de cara a favorecer o mantemento da marca pastor e minorar as consecuencias da absorción do grupo por parte do Santander?

-Considera o Goberno galego prioritario levar a cabo estas actuacións?

-É consciente a Xunta de Galiza da perda de empregos que suporía a venta do Banco Popular?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 16:55
Nº Rexistro: 30776
Data envio: 09/05/2018 16:55:34.107

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que impacto prevé o Goberno galego en materia de emprego? Que ten pensado facer para reducilo?

-Que impacto prevé o Goberno galego en materia de consumo? Que ten pensado facer para reducilo?

-Que impacto prevé o Goberno galego en materia de acceso a crédito? Que ten pensado facer para reducilo?

-Que impacto prevé o Goberno galego en materia de exclusión financeira? Que ten pensado facer para reducilo?

-Que impacto prevé o Goberno galego en materia de mantemento de oficinas de atención ao público? Que ten pensado facer para reducilo?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 16:55
Nº Rexistro: 30776
Data envio: 09/05/2018 16:55:34.107

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2018 16:48:55

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2018 16:49:00

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2018 16:49:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2018 16:49:02

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2018 16:49:04

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2018 16:49:05

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 14.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 31024(10/POC-004901)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a elaboración pola Consellería de Facenda do balance de seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 correspondente ao exercicio de 2017, as súas intencións respecto da súa remisión ao Parlamento de Galicia e as conclusións do comité de seguimento ao respecto

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31024
Data envio: 15/05/2018 18:49:49.359

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Parlamento de Galicia aprobou o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 no mes de maio de 2016, cuxo obxectivo xeral é "*Impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore para acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico",* e para o cumprimento do dito obxectivo xeral establécense unha serie de obxectivos medibles para a súa consecución**:**

1. PIB anuais superiores ou en torno ao 2,5 %.

2. Incremento en máis de 100.000 empregos ata 2020:

   Redución taxa de paro en torno ao 10 %
   Mellora das taxas de ocupación dos cidadáns entre 20 e 64 anos en 10 puntos ata acadar o 70 %.

3. Duplicar o gasto en I+D ata o 1,7 % do PIB e aumentar ata o 40 % do PIB o nivel de exportacións dos nosos sectores produtivos.

4. Reducir abandono escolar en 3,5 puntos ata chegar ao 13,5 %.

5. Chegar ao 47 % de galegos entre 30-34 anos con estudos superiores.

6. Reducir a poboación en risco de pobreza ou exclusión social en 100.000 persoas.

7. Rebaixar as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 35 % respecto de 2005.

8. Aumentar o uso das enerxías renovables ata un 30 % do consumo final e incrementar a eficiencia enerxética nun 20 % respecto do nivel de 2005.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31024
Data envio: 15/05/2018 18:49:49.359

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

9. Implantar un paquete de medidas para revitalizar demográfica: achegarse a 1,59 fillos por muller.

10. Converxer en oito puntos coa UE en PIB per cápita, ata chegar ao 88 %.

O contido do Plan contempla a elaboración de balances de seguimento, o correspondente ao exercicio 2016 aparece na páxina *web* da Consellería de Facenda, pero para o exercicio 2017 se presenta un avance.

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Elaborou a Consellería de Facenda o balance do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 correspondente ao exercicio 2017?

2ª) No caso de estar feito, cando imos ter o dito documento?

3ª Vai ser remitido a este Parlamento para que os distintos grupos parlamentarios poidan facer as consideración que consideren oportunas?

4ª) A quen foi entregado o documento para a súa avaliación?

5ª) Cales foron as conclusións do Comité de seguimento?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/05/2018 18:47:25

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31024
Data envio: 15/05/2018 18:49:49.359

Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/05/2018 18:47:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 31101(10/POC-004914)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as razóns da diferenza existente entre as estimacións do Instituto Galego de Estatística e as do Instituto Nacional de Estatística referidas á taxa de variación do PIB de Galicia no período 2014-2016, os datos respecto disto e a existencia dalgún mecanismo de colaboración entre os dous organismos para ese fin, así como a fonte que utiliza a Xunta de Galicia para a elaboración do cadro macroeconómico dos orzamentos

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 18:04
Nº Rexistro: 31101
Data envio: 16/05/2018 18:04:46.022

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na Comisión 3.ª.**

Nas análises de conxuntura sobre a economía dun territorio a variable central de estudio é o crecemento económico medido a través da variación do PIB.

A taxa de variación do PIB é un dato fundamental, porque a cifra de produción de bens e servizos constitúe a variable coa que se referencia o resto, porque máis alá do seu valor absoluto a forma de medir a maioría dos parámetros económicos e en termos relativos comparados co PIB.

Dispoñer dunha estimación críbel do PIB é básico, porque determina o resto das análises macroeconómicas. Por iso é moi preocupante as diferencias que de forma habitual existen entre as estimacións que realiza o Instituto Nacional de Estatística e o Instituto Galego de Estatística, unha situación que alcanza a súa máxima distorsión na fase alcista do ciclo iniciado en 2014.

Segundo o IGE o PIB de Galicia medrou o 1,3% en 2014, o 2,4% en 2015 e o 3,1% en 2016, o que supón unha cifra acumulada do 6,9% no período 2014/2016. Á súa vez o INE di que o incremento foi do 0,6% en 2014, do 4,2% en 2015 e do 3,6% en 2016, isto é, un 8,6% acumulado % no período 2014/2016.

Como se ve as diferenzas son enormes, tanto no acumulado como, sobre todo, en cada exercicio.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 18:04
Nº Rexistro: 31101
Data envio: 16/05/2018 18:04:46.022

En termos acumulados, a diferenza e de 1,7 puntos, o que equivale a máis de 1.000 millóns de euros de diferenza, unha cifra nada desprezable de produción de riqueza en só tres exercicios.

Pero as grandes diferenzas danse cando se analiza cada exercicio por separado, porque de algunha forma ambas institucións acaban compensando as diferencias ao longo do período.

En 2014 a estimación do IGE, o 1,3%, é o dobre que a do INE, que deixa en 0,6% o incremento do PIB dese ano.

En 2015 é ao revés, o IGE di que a economía galega medrou o 2,4% mentres que o INE eleva ata un 4,2% o incremento.

Por último en 2016 a diferenza redúcese a 0,5 puntos ata coincidir en 2017.

A estimación do PIB é iso, unha estimación e non unha medición, e por iso entra dentro da lóxica que se produzan lixeiras desviacións cando son dous os institutos de estatística os que realizan as estimacións.

Pero as diferenzas no período 2014/2015 non entran dentro desta categoría de desviación comprensibles. As diferenzas son de tal dimensión que distorsionan as análises económicas. Non é un debate de técnica estatística nin académico, e mesmo vai máis alá do debate político.

Existe un problema de confianza de credibilidade, de incertidume ante cifras tan diferentes que poden chegar a cuestionar a validez dos mesmos, perdendo calidade para servir de referencia sólida para a toma de decisións, tanto publicas como privadas.

A partir destes datos, o Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 18:04
Nº Rexistro: 31101
Data envio: 16/05/2018 18:04:46.022

GRUPO PARLAMENTAR en marea

1.ª) Como explica a Xunta de Galicia que exista esta diferenza tan elevada entre as estimacións do IGE e as do INE?

2.ª) Cales son as cifras que utiliza a Xunta de Galicia, os do IGE ou os do INE?

3.ª) Canto medrou a economía galega entre 2014 e 2017?

4.ª) Existe un mecanismo de colaboración entre o IGE e o INE para a estimación do crecemento do PIB e outras variables macroeconómicas relevantes?

5.ª) Para a elaboración do cadro macroeconómico do orzamento que fonte utiliza a Xunta, o IGE ou o INE?

6.ª) Quen ten razón, o IGE ou o INE?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 18:04
Nº Rexistro: 31101
Data envio: 16/05/2018 18:04:46.022

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

José Manuel Lago Peñas na data 16/05/2018 18:00:28

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 14.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 31105(10/POC-004915)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida ás razóns do agravamento do desequilibrio entre ingresos e gastos da Seguridade Social en Galicia e as actuacións previstas para corrixilo

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 18:20
Nº Rexistro: 31105
Data envio: 16/05/2018 18:20:48.459

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na Comisión 3.ª.**

Dende o ano 2011 as contas da Seguridade Social presentan un déficit entre ingresos por cotización e pago de pensións e outras prestacións o seu cargo.

Agora ben, este déficit non se debe a un exceso do gasto senón a insuficiencia dos ingresos. O gasto da Seguridade Social incrementouse en Galicia o 2,5% de media anual dende 2013, porcentaxe no que está incluído tanto o aumento no número de pensionistas como o incremento das pensións, tanto a revalorización de todas elas como o incremento das novas altas no sistema.

Esa cifra sería perfectamente financiable se os ingresos evolucionaran como deberían de facelo na fase alcista do ciclo económico iniciada en 2014. Segundo o IGE, o PIB nominal medrou o 2,9% en media anual entre 2014 e 2017.

Poren, os ingresos por cotizacións en Galicia de 2017 é inferior á cifra de 2013, un dato sorprendente e, dende logo, moi negativo.

En 2013 a Seguridade Social recadou en Galicia 4.742 millóns de euros en cotizacións. En 2017 a recadación foi de 4.153 millóns de euros. Isto é, nos catro anos da fase alcista do ciclo os ingresos da Seguridade Social caeron en 589 millóns de euros, equivalente a un retroceso do 11%.

Esta caída da recadación dáse ao mesmo tempo que se incrementa o número de cotizantes que se incrementan en media anual o 1,4%, unha cifra modesta, por

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 18:20
Nº Rexistro: 31105
Data envio: 16/05/2018 18:20:48.459

debaixo do crecemento económico e da media do estado, pero positiva en todo caso.

Se hai máis cotizantes porque hai menos ingresos? Por dous motivos. O primeiro e fundamental é a precariedade laboral e a devaluación salarial. O aumento do emprego temporal, do traballo a tempo parcial, o maior peso da ocupación en actividades de baixo valor engadido, a devaluación salarial, o aumento dos denominados traballadores pobres provoca unha caída dos salarios e, polo tanto, das bases de cotización e con elo dos ingresos da Seguridade Social.

En segundo lugar, a Seguridade Social é a que soporta o custe das políticas de emprego centradas na redución das cotizacións, tanto nas tarifas planas de autónomos como as destinadas ás persoas afiliadas ao réxime xeral.

O resultado combinando estes dous factores ten consecuencias demoledoras sobre o equilibrio financeiro do sistema.

En 2014 cada afiliado do sistema cotizaba de media 5.140 euros ao ano. En 2017 a cotización media é de tan só 4.248, isto é, case 900 euros menos que catro anos antes, o que supón unha redución do 17% desde 2014.

Peores salarios que determinan bases de cotización máis baixas e as bonificacións e tarifas planas provocan esta caída dos ingresos que ten un custe recaudatorio próximo aos 1.000 millóns de euros en 2017.

O resultado é un agravamento do déficit que historicamente ten a Seguridade Social en Galicia, porque dende fai anos os ingresos por cotización non cobren o gasto en pensións, situación de déficit que en 2017 comparten todas as CCAA do Estado.

No ano 2014 a diferenza entre ingresos e gastos da Seguridade Social en Galicia foi de 3.342 millóns de euros, unha cifra xa elevada pero que se dispara dende entón ata chegar a 4.522 millóns de euros en 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 18:20
Nº Rexistro: 31105
Data envio: 16/05/2018 18:20:48.459

Polo tanto, o déficit empeora en 1.180 millóns de euros na fase alcista do ciclo, unha cifra equivalente a un incremento do 35%.

Esta cifra vén a poñer de evidencia dúas cuestións moi relevantes. A primeira é a baixa calidade do emprego que se está xerando na fase alcista do ciclo económico: traballo temporal, en xornada parcial e baixos salarios.

A segunda é a falsidade do discurso que basta co aumento do número de ocupados para resolver o desequilibrio das contas da Seguridade Social.

Pero non é así, con emprego precario, con traballadores pobres non é posible financiar un estado do benestar digno dese nome.

Ante esta preocupante situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) É coñecedora a Xunta de Galicia deste grave incremento do desequilibrio entre ingresos e gastos da Seguridade Social en Galicia?

2.ª) Cales son en opinión da Xunta as razóns que están detrás do agravamento deste desequilibrio?

3.ª) Pensa a Xunta que o aumento na afiliación vai corrixir o desequilibrio por si mesmo ou que haberá que actuar sobre outros factores?

4.ª) Considera a Xunta que os baixos salarios, e polo tanto as baixas bases de cotización, son unha das razóns do desequilibrio?

5.ª) Se é así, que ten pensado facer para combater esta situación?

6.ª) Considera a Xunta de Galicia que a política de bonificacións na cotización e as tarifas planas están reducindo a recadación?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 18:20
Nº Rexistro: 31105
Data envio: 16/05/2018 18:20:48.459

GRUPO PARLAMENTAR en marea

7.ª) Se é así, non lle parecer máis axeitado financiar as políticas de incentivación ao emprego a través do orzamento xeral do Estado e non a conta do desequilibrio da Seguridade Social?

8.ª) Por último, a Xunta resignase a que Galicia siga tendo un desequilibrio entre os ingresos e os gastos da Seguridade Social de forma indefinida?

9.ª) Se non é así, que plans de actuación pensa levar a cabo para que melloren os ingresos?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 16/05/2018 18:12:45

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Dación de conta

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 14.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 30903(10/MOP-000021)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de abril de 2018

Publicación, 309, 23.05.2018

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 MAI. 2018
Núm. 20903

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
11 MAI. 2018
SAÍDA
Num. 167

En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda, da documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de abril de 2018.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Director/a xeral
Data e hora: 11/05/2018 09:23:18

CVE: wWPx6PQLh1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve